

**AXUDAS PARA LIBROS DE TEXTO DE 1º E 2º PRIMARIA PARA O CURSO 2023/2024**

ORDE do 10 de maio de 2023 publicado no DOG N° 94, do venres 19 de maio de 2023 (pax. 30.648 ata a 30.690).

**DESTINATARIOS:**

- Alumnado que no curso 2023/2024 este matriculado en 1º e 2º de Educación Primaria.

**REQUISITOS:**

- Ser nai/pai/titor/a legal dun alumno/a matriculado nun centro sostido con fondos públicos.
- Ter unha renda per cápita igual ou inferior a 10.000 euros. O cálculo da renda per cápita realizarase da seguinte forma:
  - Datos do exercicio fiscal 2.021
  - Sumaranse os recadros 435 e o 460 de cada un dos membros da familia que teñan ingresos
  - Dividirase o resultado da suma anterior polo número de membros da unidade familiar a 31/12/2021.
  - No caso de non presentar declaración, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola AEAT.

**SOLICITUDES:**

- Presentaranse segundo o Anexo I e o Anexo II desta orde **preferentemente vía telemática a través da aplicación Fondolibros** aínda que tamén se pode presentar nos centros educativos e que estea matriculado o/a alumno/a
- A solicitude será única para todos os fillos e para todas as axudas, **unha única solicitude por familia.**
- As solicitudes serán asinadas pola nai/pai/titor/a legal así como por todos os membros da unidade familiar, en caso de menores deberá ser asinado por un dos proxenitores, titor/a ou representante legal.
- **Prazo de presentación de solicitudes do 20 de maio ao 21 de xuño de 2023, ambos inclusive.**
- **Unha vez feita a solicitude teñen que vir as nais/pais/titor/a legal recoller os vales o día 7 ou 10 de xullo.**
- O centro nunca expedirá un novo vale no caso de que este sexa extraviado polo solicitante ou pola librería.

**DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR**

- Fotocopia do libro de familia onde figuren todos os membros da unidade familiar. Nos casos en que non teñan libro de familia ou este non reflecta a situación a 31/12/2021, deberán presentar un dos seguintes documentos:
  - Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador
  - Certificado de convivencia (empadramento)
  - Informe dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.
- No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, deberán achegar a certificado acreditativo do grao da discapacidade, agás que fose emitido pola Xunta de Galicia, que só se presentará se non autoriza expresamente a súa verificación
- No caso de situación de violencia de xénero, documentación acreditativa.

**CONTÍA DAS AXUDAS:**

- Renda per cápita ata 6.000 euros 240 €
- Renda per cápita dende 6.000,01 ata 10.000 euros 160 €
- O alumnado matriculado en educación especial, e centros específicos ou en unidades de educación especial en centros ordinarios, ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, a contía das axudas será de 300 € con independencia da renda per cápita da unidade familiar.

**ADQUISICIÓN DOS LIBROS:**

1. Unha vez que a persoa solicitante estea en posesión do vale só poderá adquirir unicamente libros de texto do curso no que estea matriculado.
2. A persoa beneficiaria nunca deberá asinar o vale antes de recibir a totalidade dos libros de texto. A sinatura do vale e a súa entrega implica a súa conformidade cos libros de texto recibidos e, de ser o caso, co importe indicado polo establecemento no recadro establecido para tal efecto.
3. Os vales non poderán ser fraccionados, é dicir, o importe total de cada vale só pode ser utilizado nun único establecemento

**OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS:**

- Destinar o importe do vale para libros a adquirir o libros de texto que indique o centro en que estea matriculado.
- Respetar as obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Santa Comba a 23 de maio de 2023

A directora